




# Global express


A actualidade na aula

## XX.00.: *citius, altius, fortius...*

1.



Escribe en cada aro olímpico un adxectivo que ti asocies co deporte que habitualmente practicas no teu centro educativo ou no teu tempo de lecer.



2. Agora escribe en cada aro un adxectivo que asocias cos Xogos Olímpicos.



3. Debate cos teus compañeiros e compañeiras qué aspectos positivos ou negativos engade ao mundo do deporte unha convocatoria como a dos Xogos Olímpicos.

# 2.º espírito olímpico: xoguemos limpo



O **espírito olímpico** cobra forma na escala de valores enunciados como "principios" na **Carta Olímpica**, que é o documento en que se resumen os principios fundamentais, as normas e os textos de aplicación e funcionamento do movemento olímpico.

"O movemento olímpico –di a Carta– ten por obxecto contribuír para a construción dun mundo mellor e máis pacífico, educando a xuventude a través do deporte practicado sen discriminacións de ningunha clase e dentro do espírito olímpico, que esixe comprensión mutua, espírito de amizade, solidariedade e xogo limpo."



O **Xuramento olímpico**, escrito por Pierre de Coubertin, foi pronunciado pola primeira vez nos Xogos Olímpicos de Antuerpe de 1920. Durante a cerimonia de inauguración de cada edición dos Xogos Olímpicos, é pronunciado por un atleta do país organizador, sostendo unha esquina da bandeira olímpica. Ao longo dos anos, experimentou algunas alteracións, como a que introduce a dopaxe, engadida nos Xogos de Sydney 2000. Actualmente di:

## Xuramento olímpico

"No nome de todas e todos os ximnastas, prometo que participaremos nesta competencia respectando e cumplindo coas regras que a rexen e comprometéndonos a un deporte sen dopaxe e sen drogas, no verdadeiro espírito deportivo, para a gloria deste deporte e a honra das e dos ximnastas."



"O máis importante dos Xogos Olímpicos non é gañar, senón participar, da mesma maneira que o máis importante na vida é a loita, non o triunfo. O esencial non é ter conquistado algo, senón ter loitado ben."

Barón Pierre de Coubertin, fundador dos Xogos Olímpicos modernos (1894).



4. Estás de acordo con esta cita de Pierre de Coubertin? Por que?



Observa os resultados e analiza cómo están distribuídas as medallas entre os países do Norte e os do Sur:

Atenas 2004: Cadro de medallas acuático (natación, saltos, waterpolo e sincronizada)				
País	Ouro	Prata	Bronce	Total
EUA	12	9	12	33
Australia	8	7	6	21
China	6	4	1	11
Xapón	3	3	4	10
Rusia	3	3	2	8
Holanda	2	3	2	7
Italia	2	1	1	4
Ucraína	2	0	1	3
Francia	1	2	3	6
Grecia	1	2	0	3
Polonia	1	2	0	3
Austria	1	2	0	3
Sudáfrica	1	1	1	3
Cimbabue	1	1	1	3
Hungría	1	1	1	3
Romanía	1	0	1	2
Alemaña	0	2	4	6
Reino Unido	0	1	2	3
Croacia	0	1	0	1
Serbia e Montenegro	0	1	0	1
Canadá	0	0	2	2
Arxentina	0	0	1	1
Trinidad e Tobago	0	0	1	1
TOTAL	46	46	46	138



Cal cres que é o factor determinante para que África, Asia ou América Latina teñan pouca ou nula representación neste cadro de medallas?



En que outras especialidades olímpicas cres que pode acontecer o mesmo?

Atletismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol, boxeo, ciclismo, esgrima, fútbol, ximnasia artística, ximnasia rítmica, halterofilia, hípica, hockey, judo, loita, péntatlon, tenis de mesa, piragüismo, remo, softball, taekwondo, tenis, tiro con arco, tiro olímpico, tríatlón, vela, voleibol, voley praia.



Agora en grupos investigade en [http://es.wikipedia.org/wiki/Juegos\\_Olímpicos\\_de\\_Atenas\\_2004](http://es.wikipedia.org/wiki/Juegos_Olímpicos_de_Atenas_2004) se se confirma a mesma tendencia de distribución de medallas para o conxunto dos deportes. Poñede en común as conclusións a que chegastes e, despois, establecede un debate sobre as causas que determinan esta situación e sobre as súas consecuencias.

## O que é a dopaxe?


"Promoción, incitación, consumo ou utilización das substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e dos métodos non regulamentares destinados a aumentar as capacidades físicas dos deportistas ou a alterar os resultados das competicións en que participan".

Comité Olímpico Español (1990)

"Os dirixentes menten, os controis antidopaxe non funcionan. Eles poden controlar, mais non queren. O deporte está sucio."

Carl Lewis, cualificado polo Comité Olímpico Internacional (COI) como "O atleta do século", nos Xogos Olímpicos de Sydney 2000.

**Ben Johnson** obtivo a vitoria na final dos 100 m lisos dos Xogos Olímpicos de Seúl 1988. O seu positivo por esteroides despois desta carreira conmocionou o mundo do atletismo profesional. No Campionato do Mundo de 1987, celebrado en Roma, Johnson fixose famoso ao derrotar a Carl Lewis, batendo ademais a mellor marca do mundo cun rexistro estratosférico: 9,83 segundos. Un ano máis tarde, Johnson e Lewis volverían enfrentarse nunha gran final, a dos Xogos Olímpicos de Seúl 1988. De novo, Johnson gañou a Lewis, e fixoo rebaixando áinda máis a mellor marca mundial, deixándoo en 9,79 segundos. O mundo ficou marabillado; Johnson era un heroe. Mais poucos días despois unha análise de ouriños demostrou que Johnson consumira esteroides, o que lle valeu a descalificación por dopaxe e a sanción por dous anos. Despois de regresar ao deporte de competición, deu positivo novamente e acabou excluído das competicións para sempre.



Ted Grant



O último caso destacado de dopaxe é o da atleta **Marion Jones**, sancionada a dous anos de inhabilitación e a devolver as cinco medallas –tres de ouro e dúas de bronce– que gañou nos Xogos Olímpicos de Sydney 2000, baixo os efectos de substancias prohibidas, concretamente o esteroide sintético THG, coñecido como o *limpador*. "En setembro de 2000, antes dos Xogos Olímpicos de Sydney, Graham [o seu ex-adestrador] comezou a me abastecer dunha substancia que me dixo que era unha semenza de liño. Tomei esta substancia até xullo de 2001", explicou Jones ao xuíz durante a audiencia. "En novembro de 2003, comprendín que se trataba de produtos de dopaxe".



Atendendo estes casos e declaracions, así como a definición sobre a dopaxe, responde ás preguntas seguintes:

- Que consecuencias ten a dopaxe, tanto para o deportista como para a competición deportiva?
- Cres compatible a dopaxe co deporte? Xustifica a túa resposta.
- Que outros aspectos, ademais da dopaxe, están en contradición co espírito olímpico?  
Razoa a túa resposta.

# 3.º negocio do espectáculo: os patrocinadores

10. Busca qué empresas de material ou roupa deportiva patrocinan os equipos nacionais nos Xogos Olímpicos de Pequín 2008 e pensa se ti consumes algún produto desta marca. Investiga ónde está fabricado:

Comité Olímpico Nacional	Empresa patrocinadora	Produto que consumes	Lugar de fabricación
CHINA			
ITALIA			
EUA			
FRANCIA			
AUSTRALIA			
ESPAÑA	ADO ( <a href="http://www.ado.es">www.ado.es</a> )		
	Atletismo ( <a href="http://www.rfea.es">www.rfea.es</a> )		
	Baloncesto ( <a href="http://www.feb.es">www.feb.es</a> )		
	Balonmán ( <a href="http://www.rfebm.com">www.rfebm.com</a> )		
	Tenis ( <a href="http://www.rfet.es">www.rfet.es</a> )		
	Fútbol ( <a href="http://www.rfef.es">www.rfef.es</a> )		



**11.** Selecciona as 5 marcas deportivas máis utilizadas entre os teus compañeiros e compañeiras da aula e investiga, a través das etiquetas, en qué lugares se fabrican. A continuación, elabora unha lista de países en que se fabrica unha mesma marca deportiva.

Marca deportiva	Países onde se fabrica	Ubicación da sede central
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		

- Que teñen en común a mayoría destes países en que se fabrica unha mesma marca?
- Por que cres que se fabrican nestes países, se os lugares de maior consumo destas marcas son a América do Norte e a Unión Europea?



**12.** Observa estas fotos.



© Gettyimages



© Fernando Morales, Intermon Oxfam

- Podes imaxinar o que hai detrás da roupa e do calzado deportivo?

# 4. *Longius, citius, parvius...*

## As outras "mellores marcas"

- Na América Latina traballa 1 en cada 5 crianzas con idades comprendidas entre os 5 e os 14 anos; na África, 1 en cada 3, e na Asia, 1 en cada 2.
- Nas fábricas subcontratadas polas multinacionais da República Dominicana traballan máis de 150.000 persoas, mulleres na súa maior parte. Aí, unha empregada cobra por cada pantalón elaborado 3.000 veces menos do que custa no mercado.<sup>1</sup>
- Na Indonesia, para poder vivir dignamente necesítase un salario de polo menos 1 millón y medio de rupias (178 dólares), mentres que o soldo mensual estándar dalgunhas fábricas que traballan para Reebok é de 816.000 rupias (98,6 dólares).
- As traballadoras dunha fábrica de Camboxa que confecciona roupa para Adidas teñen que coser 960 pantalóns por día para cobrar entre 10 e 12 dólares.<sup>2</sup>

## Tan lonxe

A **maquila** é unha empresa que se dedica a ensamblar pezas, elaborando o produto final. Precisa de pouca tecnoloxía e man de obra masiva. As maquilas traballan para un contratista no Norte, que lle proporciona a materia prima ou as pezas para ensamblar.

As maquilas instálanse habitualmente nas "zonas francas", que son zonas industriais creadas polos gobernos do Sur para atraeren os investimentos das grandes empresas multinacionais. Para iso, os gobernos ofrecen grandes facilidades económicas ás empresas: están exentas do pagamento de impostos, poden sacar o diñeiro do país facilmente e contas coas infraestruturas e servizos locais.<sup>3</sup>

## ...e tan cerca

A empresa norteamericana de roupa vaqueira Levi's anuncia que a finais de setembro pechará a fábrica de pantalóns que ten desde 1982 en Sant Julià de Llor i Bonmatí (Xirona), onde traballan 285 persoas. Tamén anunciou o peche doutra fábrica en Olvega (Soria). A produción destas fábricas será asumida polas factorías que Levi's ten en Polonia, Hungria e Turquía. Por outro lado, o Círculo de Economía fixo público un documento titulado *Actitudes sociais e políticas públicas favorables ao crecemento*, no que asegura que o fenómeno das deslocalizacións "non é un signo de desindustrialización, senón más ben a consecuencia do progreso colectivo", ao mesmo tempo que defende unha nova estratexia económica baseada "na creación de valor engadido".

**I3.** Poderías identificar que problemas poñen de manifesto estes datos, en que zonas do mundo ocorren e sobre qué grupos sociais cres que recaen principalmente as consecuencias?

Problemas	Zonas do mundo	Poboación máis afectada

<sup>1</sup> Juan Carlos Galindo, Centro de Colaboracións Solidarias.

<sup>2</sup> Relatorio "Xoga limpo nas Olimpíadas". CC.OO., UGT, Setem e Intermón Oxfam.

<sup>3</sup> Guía educativa para el consumo crítico. Sodepaz. Los libros de la catarata, 1998.

## **Segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT):**

- Todas as persoas teñen dereito a **traballar** e a escoller libremente o seu traballo.
- Todas as persoas teñen dereito a ter **condicións de traballo xustas** e satisfactorias.
- Todas as persoas teñen dereito a un **salario xusto** que permita unha vida digna para toda a familia.
- Todas as persoas teñen dereito à **seguridade social** en caso de desemprego, doença ou vellez.
- Todas as persoas teñen dereito a fundar **sindicatos** e a facer parte deles.
- Todas as persoas teñen dereito ao **descanso**, a gozar de tempo libre, a ter unha xornada razonable de traballo e a vacacións pagas.

**14.** Agora podedes dividirvos en tres grupo. Cada grupo deberá analizar un dos testemuños que encontraredes a continuación. Debedes debater sobre a situación laboral que formulais e investigar o dereito laboral que se está a incumprir en cada caso:

### **Saida, 36 años, traballadora dunha fábrica de Tánxer (Marrocos) que produce para El Corte Inglés:**

"Cando estamos doentes somos nós quen pagamos o médico. Non temos dereito a estar doentes. Ademais, nese caso retírannos o dereito a obtermos as primas. Un día que estiven doente e levei ao patrón o certificado médico, el deume outro papel como unha advertencia de castigo."

### **Fátima, muller indonesia de 22 anos que traballa nunha fabrica para Adidas, Fila, Nike, Puma e Lotto:**

"Tiven moitos problemas de saúde: dores de cabeza, diarrea, gripe estomacal, dores de costas e agarrotamento muscular. Todo isto son as consecuencias das condicións xerais da fabrica: falta de ventilación, estar de pé todo o día e longas horas de traballo sen descanso, auga ou comida suficientes."

### **Un traballador dunha fábrica onde se produce para Umbro e Puma:**

"Estamos demasiado cansos despois das horas extras para facermos outras cousas. Apañar a gripe é moi común, porque moitos traballadores non comen regularmente. Tamén apañamos moitas dores de estómago. Moitas mulleres sofren abortos polo continuo traballo: despois das horas laborais, veñen unhas intensas horas extraordinarias."

# 5. E nós, o que podemos facer?



## Felipe

Para que se mobilizar se despois non serve para nada. Que podo facer eu fronte a unhas multinacionais cuxos intereses económicos están por cima de calquera outra consideración? Que lles importa que a Felipe Martín non lle guste que se explote as persoas? Ás empresas só están interesadas nos lucros.

O que podo facer? Romper a cabeza cada vez que quero comprar algo? Deixar de comprar as miñas marcas preferidas ou depende de en que hipermercados? Por que teño que ser eu o primeiro en facelo, se os demais continúan como sempre? O día en que os futbolistas se recusen a xogar se non é con pelotas fabricadas de forma xusta, eu tamén mudarei a miña actitude.

Ademais, se deixarmos de comprar determinadas marcas que talvez abusan un pouco doutras persoas, deixaremos nenas e mulleres sen traballo. É mellor que cobren pouco, mais que non fiquen sen traballo, non é?

## Marta

Despois de pasar moito tempo no desemprego, agora teño un emprego que me proporciona un salario que non me dá para poder ter unha vida independente. Isto é, que vivo con meus pais porque o contrato lixo que teño non me chega para pagar un alugueiro.

Son moi consciente de que no mundo hai millóns de persoas que non poden cubrir as súas necesidades básicas e que un gran número de traballadoras sufren explotación laboral. Mais en todas as partes hai problemas e, no noso país, tamén hai moitos problemas que deben ser resolvidos.

Eu xa teño suficientes dores de cabeza como para ver se o que consumo é dunha marca que explota as mulleres ou non. Eu reparo no prezo e compro o máis barato ou o que está de oferta.

O que se debe facer é concentrarse en solucionar primeiro os problema de casa. Despois xa poderemos ollar máis alén.

## Gema

Eu non sei se conseguirei mudar o mundo, mais non pode ficar sen facer nada perante as inxustizas. Temos a obriga de falar por aquelas persoas que viven en situacions de inxustiza.

Se nas tendas o noso interese polas condicións laborais coas que se fabricou a roupa, se utilizo as caixas de suxestións para pedir responsabilidades, estou a contribuír para que as cousas muden. Se en lugar de comprar dúas pezas a baixo prezo, escollo unha soa peza de roupa con mellores garantías de fabricación, aínda que sexa algo máis cara, estou a realizar un consumo responsable e colaboro no decrecemento que deberíamos tomar en consideración xa sen demora desde todos os ámbitos da nosa sociedade.

Eu fago parte dunha ONG e participo en varias asociacións solidarias. Aínda que estudo e traballo, emprego gran parte do meu tempo en accións e mobilizacións destinadas a denunciar situación de inxustiza, tanto aquí como noutras lugares do mundo.

**15. E ti o que pensas?**

**16. Que papel xogamos nós en todo isto? A mobilización social pode facer que as cousas muden?**

**Serve de algo implicarse?**